

Modificacións dos criterios de cualificación

Probas de acceso a 1ºGP

Curso 2020/21

Debido ás modificacións establecidas na Resolución da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a realización das probas de acceso ao curso académico 2020/2021 nos graos elemental e profesional das ensinanzas de música e danza do 29 de maio, infórmase dos seguintes cambios e aclaracións dos criterios de cualificación das probas de acceso a 1º curso de grao profesional con respecto aos indicados nas programacións didácticas correspondentes:

PARTE A da proba (interpretación, no instrumento da especialidade á que opte, de tres obra)

- TODAS AS ESPECIALIDADES: calquera referencia presente nos criterios de cualificación con respecto ao acompañamento ou á interrelación deste coa interpretación do aspirante queda invalidada e sen efecto.
- TODAS AS ESPECIALIDADES: calquera referencia á interpretación de memoria queda invalidada e sen efecto.
- CANTO: non se poderá presentar á proba repertorio de conxunto.
- PIANO: os aspirantes poderán presentar coma obra un movemento de sonata.
- VIOLONCHELO: modifícanse os criterios de cualificación quedando así redactados:
 1. Dominio técnico do instrumento e colocación do corpo:(40% da cualificación)
 2. Interpretación do repertorio (60% da cualificación)

PARTE B da proba (execución dun exercicio conxunto de carácter práctico de entoación e lectura)

- Os criterios de cualificación do exercicio serán os seguintes:
 1. RITMO: corrección na execución das fórmulas rítmicas, precisión nos valores rítmicos, sostemento do pulso, exactitude na subdivisión binaria e ternaria, cambio de compás, fluidez (40% da cualificación)
 2. ENTOACIÓN: coherencia melódica, afinación, modalidade correcta, reprodución dos intervalos, atención ás alteracións, fluidez (40% da cualificación)
 3. ATENCIÓN ÁS INDICACIÓNS: articulación, dinámica, agóxica (10% da cualificación)
 4. TÉCNICA VOCAL: respiración, relaxación, emisión vocal (10% da cualificación)

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2020.